

AXUDAS DESTINADAS A FOMENTAR O ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN DAS MULLERES.(SI437A).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190322/AnuncioG0244-140319-0001_gl.html

TIPO DE AXUDAS

Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixine o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e das súas federacións.

Liña 2: promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

BENEFICIARIAS:

Asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas, sen ánimo de lucro, que teñan domicilio social en Galicia, constituídas ao abeiro da LEI 1/2002, e **estar inscrita na área de igualdade** do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (**RUEPSS**), e que teñan presentada a memoria de actividades (relativa a actuacións de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia contra as mulleres). Este último requisito non será exixido para as entidades de recente creación (a partir do 31 de decembro de 2016).

Os fins e obxectivos das asociacións e das federacións solicitantes deberán contribuír a **promover a igualdade entre homes e mulleres** e a potenciar a participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, cultural e social. **As mulleres socias deben representar, polo menos, o 90 % da totalidade das persoas** asociadas, tanto no caso das asociacións como das federacións.

ACCIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍA

LIÑA1: os gastos correntes derivados do mantemento e funcionamento ordinario da entidade solicitante, xerados no período comprendido entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos. **Máximo 4.000, 00 euros**

Liña 2: promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, realizadas entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de novembro de 2019, e que respondan a algunha das seguintes tipoloxías:

a) Actuacións de sensibilización e concienciación social en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero

b) Actuacións para o empoderamento e participación activa

c) Actuacións dirixidas a facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

d) Actuacións específicas dirixidas á prevención da violencia contra as mulleres e ao acompañamento das vítimas.

Contía máxima: 8000,00 euros

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=SI437A>

PRAZO ATA 22/04/2019